

Recuncho
Gamer+ 

Recuncho Gamer+ ❖

Sobre o proxecto

Recuncho Gamer é un proxecto audiovisual que procura a **divulgación de forma amena sobre os videoxogos**, entendendo a estes como un **produto cultural** no que converxen moitas artes. Faino a través de varios formatos audiovisuais como vídeoensaios, podcasts, entrevistas e emisións en directo en plataformas como YouTube e Twitch. Pódese consultar máis sobre o proxecto en recunchogamer.gal.



Obxectivos xerais e específicos

- Crear contido con **intención divulgativa** para poñer en valor o valor cultural e artístico dos videoxogos e desbotar preconceitos.
- **Normalizar o uso do galego** para falar de videoxogos en distintos ámbitos como YouTube, Twitch e as distintas redes sociais. E tamén dar a coñecer que **videoxogos** hai **en galego**.
- **Tecer redes na industria do videoxogo galego** coa participación e cobertura de traballadoras da industria (programadoras, diseñadores traductoras, xornalistas...) e do traballo de entidades como a Fundación do Museo do Videoxogo.
- **Evitar os estereotipos de xénero** e contidos fortemente masculinizados que se poden ver en gran parte do contido audiovisual sobre videoxogos que se realizan noutras linguas; tendo en conta a **diversidade** á hora de contar con protagonistas e participantes nos distintos formatos.



Persoas destinatarias

Recuncho Gamer nace cunha dobre vertente no ámbito de persoas ás que chegar:

Por unha banda dirixímonos ás **persoas afeccionadas aos videoxogos**, ofrecendo Recuncho Gamer como punto de encontro no que atopar contido sobre videoxogos na nosa lingua.

Por outra banda, tamén intentamos crear un **contido atractivo, aberto e accesible para o público non familiarizado cos videoxogos** a través de temáticas e referentes transversais da cultura galega: temos contado coa **presenza de Pili Pampín, Grande Amore ou Esther Estévez** e con temáticas como series como **Pratos Combinados** ou **debuxos do Xabarín Club** como base para falar de videoxogos referidos a estas. Tamén aparecen outros elementos como a xeografía galega ou o entroido.



Temporalización

Recuncho Gamer naceu en Outubro de 2020 como unha canle de [YouTube](#) e [Twitch](#), cun podcast quincenal e varios contidos semanais.

En 2021, estreamos o **primeiro documental en galego sobre videoxogos**, “A Coruña nos videoxogos”, e traballamos con proxectos coa Fundación Museo do Videoxogo e a Universidade da Coruña que se plasmaron en exposicións no Museo de Arte Contemporáneo de Vigo e vídeos na nosa canle.

Nos seguintes anos asentamos varias seccións e formatos como o **Dicionario Gamer** e ampliamos o número de podcasts a 3. Neste 2024, Recuncho Gamer atópase nun proceso de profesionalización do proxecto coas achegas dos espectadores a través de subscricións mensuais de micromecenado e cun proxecto aceptado para desenvolver para a CRTVG sobre videoxogos en galego.




Necesidades e recursos

Dispoñemos **dun estudio onde gravamos vídeos e emitimos os directos**, onde dispoñemos de microfonía e cámaras de distintos tipos. Ademais contamos cun software de realización de videopodcast (Streamyard) para a gravación coas colaboradoras do proxecto de forma remota. Tamén usamos unha tarxeta capturadora e unha computadora portátil que nos permiten levar as gravacións a calquera punto e incluso en exteriores.


O proceso de elaboración de cada vídeo pasa por anotar as ideas para posibles vídeos, facer unha investigación de viabilidade, e no caso de que o tema escollido así o permita, elaborar o guión e recopilar as imaxes de videoxogos necesarias para a realización do vídeo.

A meirande parte dos contidos, independentemente do seu formato, acaban subidos á canle de YouTube dos que varios extractos rematan publicados en redes sociais como Instagram e TikTok.



Accións, medidas e actuacións concretas

Recuncho Gamer é un proxecto que **experimenta con distintos formatos audiovisuais** para presentar o contido divulgativo **da maneira que lle sexa máis cómoda de consumir a cada espectador en cada momento**. Clasificarémolos en 4 categorías: **Vídeos para YouTube, Podcasts, Directos e Formatos Curtos**.



Accións, medidas e actuacións concretas

YouTube

- **Mira quen vén xogar:** Formato no que convidamos a unha persoa recoñecida da cultura galega para facer unha entrevista mentres xoga a un videoxogo cunha temática relacionada coa convidada. Por este espazo xa pasaron convidadas como Esther Estévez, Pili Pampín, Grande Amore ou as Tanxugueiras.
- **Vídeo do mes:** Un videoensaio en formato reportaxe na que podemos tratar diversos temas, en xeral con maior interese en que poidan ter relación con algún elemento da cultura galega (p.ex. **“Videoxogos en Pratos Combinados”**, **“Videoxogos en series do Xabarín Club”**)
- **Análises de bandas sonoras:** Análise de pezas de bandas sonoras intentando explicar os elementos narrativos das melodías e como se integran e que aportan nos xogos.



Accións, medidas e actuacións concretas

Podcasts

Recuncho Gamer aposta polo formato en videopodcast, onde prima o audio como fío conductor e as imaxes servirán como apoio ao narrado. Contamos con 3 podcast coas súas características, enfoques e persoas participantes que se poden atopar no YouTube de Recuncho Gamer, Spotify, ivoox e máis plataformas de podcast:

- **Recuncho Gamer Podcast:** É o podcast semanal gravado co público do Twitch no que, a partir dun tema (cine, natureza, San Valentín...) levámolo ao terreo dos videoxogos para falar de xogos, mecánicas ou fases relacionadas con ese tema. Neste podcast participan Ángela Triana, Lara Portela, Sara Gurdiel, Jon Amil, Iago Gordillo e Rita Calvo.




Accións, medidas e actuacións concretas

Podcasts

- **1 dia, 1 jogo:** Micropodcast de 5-10 minutos que procura facer unha visita sonora por diferentes videoxogos. En cada capítulo achegámonos a un xogo que é escollido polas distintas persoas convidadas (xente relacionada co mundo do videoxogo).



- **Outeiro Verde:** Podcast dedicado a Sonic, no que en cada episodio visitaremos cada un dos xogos desta franquía de Sega. Presentado por Iago Gordillo e Jon Amil.




Accións, medidas e actuacións concretas

Directos

Ademais do podcast principal, Recuncho Gamer realiza varias emisións en directo no Twitch que van desde comentar a actualidade do medio, monográficos sobre unha temática, ou facer gameplays (retransmisións xogando a un xogo). Estas son algunhas das seccións máis asentadas.

- **Pasando revista:** Revisamos a foto fixa dun mes na historia do videoxogo a través das páxinas das revistas da época.
- **O Trivial recuncheiro:** O último luns de cada mes facemos un trivial coa audiencia, que pode participar en directo desde o outro lado da pantalla.
- **Gameplays:** Emisións nas que xogamos a diversos xogos mentres comentamos os aspectos artísticos e mecánicos destacables de cada título.



Accións, medidas e actuacións concretas

Formatos curtos

Tamén contamos con algunha serie de iniciativas pensadas para consumir en redes de vídeos curtos como TikTok e os Reels de Instagram, ademais de extracto dos contidos citados anteriormente.

- **Diccionario Gamer:** En cada capítulo explicamos nun minuto un termo relacionado cos videoxogos dunha maneira áxil, asequible e entretida.
- **Extractos de vídeos longos:** Do resto de formatos aquí comentados tamén sacamos extractos con partes destacadas dalgún vídeo ou dalgunha curiosidade que poda ser contada en menos dun minuto.



Accións, medidas e actuacións concretas

Outras actuacións de Recuncho Gamer inclúen documentais e actividades presenciais:

- [A Coruña nos videoxogos:](#) En decembro de 2021, Recuncho Gamer publicou o primeiro documental sobre videoxogos en galego. Unha mediometraxe na que exploramos os distintos videoxogos nos que aparece A Coruña e a súa contorna.
- [Música e videoxogos:](#) Colaboración coa Fundación Museo do Videoxogo e a pianista Andrea García no Museo de Arte Contemporáneo de Vigo. A acción consistiu nun concerto ao piano con música de videoxogos acompañados de imaxes dos propios xogos mentres a xente podía visitar unha exposición sobre videoxogos no recibidor deste museo.



Accións, medidas e actuacións concretas

Entre os premios acadados polo proxecto, Recuncho Gamer conta co **Premio YouTubeiras 2021** a **Mellor canle pioneira** e é finalista nas categorías Mellor canle pioneira e Mellor Youtubeira para a edición de 2023*.

O proxecto foi ademais **finalista a Mellor Medio Audiovisual** nos Premios DeVuego 2021 (premios a nivel España).

*Coñecerase o resultado o 17 de febreiro de 2024



Accións, medidas e actuacións concretas

O traballo de Recuncho gamer foi recollido en diversos medios como [Nós Diario](#), [El Ideal Gallego](#), [Riazor.org](#), [Radio Galega](#), [Cadena Ser](#), [La Voz de Galicia](#), [Praza Pública](#), [Código Cero](#) ou [TVG](#).



CULTURA

Iago Gordillo: "Hai prexuízos contra os videoxogos e pénsase que non se trata dun produto cultural"

A canle de YouTube Recuncho Gamer trata os videoxogos en chave galega.



Avaliación

No tocante aos datos, Recuncho Gamer actualmente é a **canle de YouTube en galego sobre videoxogos máis vista** e con máis contido. Tamén é **unha das 5 canles en galego máis vistas no Twitch**, sendo a canle de videoxogos con mellor media de espectadores, ademais foi a primeira en ter un sistema de subtitulaxe en directo en galego.

O proxecto acumula **máis de 500.000 visualizacións** dos seus contidos e suma **máis de 6.500 seguidores** nas distintas redes sociais. No YouTube acaba de acadar a posibilidade de monetizar por anuncios, sendo unha das poucas canles en galego* en acadar este status.

*Non contando canles de artistas musicais



Avaliación

Tras estes 3 anos de proxecto seguimos atopando xente que nos descobre e **recibe con sorpresa que exista un proxecto destas características na nosa lingua.**

A viabilidade e continuidade do proxecto coa periodicidade actual pasa por **atopar un fluxo de colaboracións contínuo** como as que xa temos con entidades como CRTVG, a Fundación Museo do Videoxogo e varios centros educativos. Ademais abrimos vías de **financiamiento polos propios espectadores**, cousa que implementamos neste curso 2023-24 e que, de momento, non sería suficiente para prolongar o ritmo de publicacións actuais por moito tempo, entendemos que pode ter unha parte cultural que non está tan asentada no noso territorio como con proxectos similares nos Estados Unidos, por exemplo.

Seguiremos traballando para ter máis **colaboracións e patrocinios** de entidades ou marcas para proxectos específicos como o caso do Dicionario Gamer, que xurdiu dunha colaboración con PuntoGal.



**Recuncho
Gamer+** 

Ligazóns:   [Recunchogamer.gal](https://www.recunchogamer.gal)